

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DE SUBVENCÍONS PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS INTEGRAIS DE INSERCIÓN SOCIOLABORAL, DIRIXIDAS A ENTIDADES SOCIAIS E ONGs NO ANO 2011, CONTEMPLADAS NO PROGRAMA INICIATIVA URBANA "SANTIAGO NORTE"

1.-INTRODUCCION.

O programa URBANA SANTIAGO NORTE, é unha iniciativa da UE cofinanciada con Fondos Estruturais da Unión Europea (Fondo FEDER), que ten como obxectivo principal impulsar proxectos que funcionen como motores da rexeneración económica e social de cidades ou barrios con deficiencias, fomentando un modelo de desenvolvemento urbano sustentábel.

Dito programa susténtate estratexicamente en tres eixes, un dos cales é o fomento do emprego, que se desenvolve na Área Temática 5 baixo a denominación Desenvolvemento do tecido económico: accións a favor do emprego e da actividade empresarial. Concretándose na medida 5.3: inserción laboral de colectivos de difícil inserción.

Unha maior información acerca da iniciativa urbana "Santiago Norte", pode atoparse na web: www.urbanasantiagonorte.org

2.-FINALIDADE E OBXECTO.

Coa finalidade de crear sinerxías coas entidades sociais dedicadas a mellorar as condicións de emprego dos colectivos de difícil inserción pertencentes ao ámbito territorial que se subliña no punto 3 destas bases, a unidade técnica de Servizos Sociais pertencente á Concellería de Benestar Social do Concello de Santiago de Compostela, abre a presente convocatoria de subvencións para a realización de programas integrais de inserción social e laboral, ás que fai referencia o punto 6 desta convocatoria.

É obxecto das presentes bases regular a concesión de subvencións en réxime de concorrència competitiva, dentro dos límites establecidos no presuposto municipal, ás entidades sociais e ONG's que desenvolvan programas integrais de inserción social e laboral das persoas en situación de vulnerabilidade social da área de influencia da medida, co fin de mellorar as condicións de acceso ao emprego destas persoas, e a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

Para a finalidade indicada no parágrafo anterior e de conformidade coas competencias atribuídas ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e o RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e consonte a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e a Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, convócanse subvencións, por un importe de 100.000 € con cargo á **aplicación orzamentaria 140/23100/48001-2011.**

As axudas, no marco do Programa Urbana Santiago Norte, serán cofinanciadas pola Unión Europea con cargo ao FEDER dentro do eixo número 5 (Desenvolvemento sostible local e urbano) do Programa Operativo de Galicia para o período 2007-2013.

3.–AMBITO DE ACTUACIÓN.

O ámbito de actuación exclusivo para o desenvolvemento desta medida, son os barrios da zona norte da cidade que presentan características socioeconómicas diferenciadas do resto do territorio, concretamente: Vista Alegre, Romaño, Vite, Guadalupe, Salgueiriños, San Caetano, Basquiños, Ultreia, Espírito Santo, A Estila, A Almaciga, San Pedro, Concheiros, Belvís e Quiroga Palacios.

4.–PERSOAS DESTINATARIAS.

Son persoas destinatarias dos programas integrais, as persoas e colectivos en situación de vulnerabilidade, con residencia efectiva e demostrable (certificado de empadramento) nas zonas de aplicación da iniciativa Urbana Santiago Norte definidas no punto 3 destes bases, entre outros:

- Persoas pertencentes á minoría étnica xitana.
- Persoas inmigrantes.
- Mulleres desempregadas.
- Persoas en situación de desemprego de longa duración. A efectos desta convocatoria entenderemos como parados de longa duración:
 - Menores de 30 anos: 6 meses ou máis inscritos de forma ininterrompida como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego
 - Maiores de 30 anos: 1 ano ou máis inscritos de forma ininterrompida como demandantes de emprego no Servizo Público de Emprego
- Persoas con discapacidade regulamentariamente recoñecida.
- Mozos/as que non teñan os estudos básicos rematados ou en busca do seu primeiro emprego.
- Outros

5.–OBXECTIVOS.

Co desenvolvemento das accións desta medida preténdese acadar:

- A mellora do emprego das persoas pertencentes a colectivos desfavorecidos.
- A redución da taxa de paro nas zonas de actuación.
- A modificación da percepción que ten a sociedade en xeral, e o sector empresarial en particular, sobre as potencialidades das persoas antes definidas.

6.–NATUREZA DOS PROGRAMAS INTEGRAIS DE INSERCIÓN LABORAL.

Os programas integrais de inserción a subvencionar conterán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Programa de orientación laboral, que inclúa un sistema progresivo de adquisición de competencias persoais, con especial atención ao desenvolvemento de habilidades en tecnoloxías da información e da comunicación (TIC), que lles permita ás persoas achegarse a un currículo acorde coas esixencias actuais do mercado, e lles facilite destrezas para o manexo dunha entrevista de emprego.

b) Deseño de itinerarios persoais de inserción, que inclúan accións de intermediación laboral e estean dirixidos a garantirlles ás persoas destinatarias, un período de prácticas empresariais trala superación do proceso de capacitación.

c) Obradoiros ocupacionais que, atendendo ao baixo nivel de cualificación das persoas participantes no programa, estean enfocados aos sectores profesionais máis demandados polas empresas da cidade. Ademais, ditos obradoiros, independentemente da temática que aborden, incluírán un módulo de formación orientado á busca de emprego.

A igualdade de oportunidades laborais, de xénero e as medidas para a conciliación da vida familiar e laboral, terán que estar transversalmente contidas en tódalas accións que se desenvolvan nos programas que se propoñan.

A tenor da natureza e carácter do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) que financia a Iniciativa Urbana Santiago Norte, os programas integrais de inserción laboral a desenvolver, non poderán recibir financiamento adicional ou complementario doutros fondos comunitarios ou de programas doutras administracións públicas que puidesen estar cofinanciados con fondos comunitarios.

Tendo en conta a coincidencia de entidades sociais subvencionadas operando no mesmo ámbito territorial e cunha mesma estrutura de programas integrais de inserción laboral, valorase a capacidade de coordinación e de traballo en rede entre as entidades, tanto na selección das persoas participantes como na execución das accións: complementariedade, de reforzo, non duplicidade, etc.

7.–GASTOS SUBVENCIONABLES.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidada respondan á natureza dos programas subvencionados para o seu propio desenvolvemento, e sexan realizados durante o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2011.

Para determinar a elixibilidade dos gastos terase en conta a normativa vixente aplicable en materia de elixibilidade de gastos subvencionables polo FEDER para o período 2007-2013, concretamente aos Regulamentos (CE)1083/2006, (CE)1080/2006, (CE)1828/2006 e á orde EHA/524/2008 sobre elixibilidade de gastos

do FEDER en España emitida polo Ministerio de Economía e publicada no BOE n.º 53 de 1 de marzo de 2008.

Entre outros poderían ser elixibles os seguintes gastos: alugueiro de local novo así como o seu mantemento preciso para o desenvolvemento das accións (dentro do ámbito territorial elixible e sempre que non constitúa un gasto estrutural da entidade); persoal que contrate expresamente para a execución do programa ou para o desenvolvemento puntual das súas accións; alugueiro de bens de equipo de nova adquisición ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica; xornadas, seminarios, obradoiros, charlas, campañas publicitarias, etc.

As actividades excluídas destas subvencións e que non poderán ser obxecto da mesma son:

- Viaxes, festas de carácter lúdico ou cultural, e outras actividades semellantes.
- Gastos estruturais da entidade beneficiaria.

8.–ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Terán a condición de entidades beneficiarias as entidades sociais que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar inscritas no Rexistro único de entidades prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia tendo actualizados tódolos seus datos.
- Carecer de fins de lucro.
- Desenvolver as actividades para as que optan á subvención, dentro do ámbito de actuación definido no punto 3 destas bases.
- Estar ao corrente nas obrigas tributarias co Concello, Axencia Tributaria e coa Seguridade Social e non estar incluídas nalgún dos supostos de prohibición ou incompatibilidade previstos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e normativa de aplicación.

Non terán a condición de beneficiarias as entidades arriba sinaladas nas que concorran algunha das circunstancias indicadas no apartado 2.º) e 3.º) do artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, ou apartados 2.º) e 3.º) do artigo 10 da lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

9.–SOLICITUDES E DOCUMENTACION.

As solicitudes de subvención, en formato normalizado (conforme o Anexo I), dirixiranse ao Alcalde-presidente do Concello de Santiago de Compostela, e presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos lugares indicados no apartado 4), do artigo 38, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e deberán recoller:

- Identificación da entidade solicitante e da persoa representante, así como do medio preferente e o enderezo elixido aos efectos de notificacións.
- Contía da subvención solicitada, e no seu caso, porcentaxe que, de fondos propios, a entidade representante pon a disposición do programa que se presenta.
- Lugar e data.
- Sinatura da persoa que exerza de representante da asociación ou entidade social solicitante.

Coa solicitude deberase achegarse a seguinte DOCUMENTACIÓN:

a) Relación de documentación que se achega coa solicitude

b) Memoria descritiva do programa que promova a participación activa en tódolos eidos, contribúa a facer efectiva a igualdade entre mulleres e homes e favoreza a inserción laboral das persoa e dos colectivos de difícil inserción, da área de influencia da Iniciativa Urbana Santiago Norte.

Os programas que se presenten deberán especificar con **claridade o seu contido** e estar ben definidos para o obxectivo proposto e axustarse a algún dos tres ámbitos contemplados no apartado 6 desta convocatoria,

Dita memoria deberá indicar:

- As actividades a desenvolver, con indicación da data e lugar de realización.
- As persoas responsables do desenvolvemento da actividade.
- O obxectivo cos indicadores de resultado e impacto que se prevén, e fins concretos aos que se destinarán os fondos.
- Previsión de persoas beneficiarias que participarían nas actividades.
- Materiais, instalacións e equipo técnico que se pon a disposición como colaboración para a execución das accións do programa.
- Relación dos principios servizos e traballos realizados pola entidade nos 3 últimos anos.
- Orzamento de gastos das actividades ou programas obxecto de subvención.

c) Certificación emitida pola asociación ou entidade solicitante na que se acredite a identidade da/s persoa/s que ostenten cargos, con indicación do cargo que desempeñan e enderezo social da entidade.

d) Estatutos polos que se rexe a entidade.

- e) Fotocopia, debidamente compulsada, do código de identificación fiscal (CIF).
- f) Certificación emitida por unha entidade financeira dos datos da conta bancaria onde se efectuará o pagamento da subvención concedida.
- g) Declaración de non incorrer en ningún dos supostos recollidos nos apartados 2º) e 3º) do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- h) Certificación, ou declaración responsable, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias co Concello, coa Axencia Tributaria e coa Seguridade Social.
- i) Declaración de non ter obtidas, para o mesmo programa, outras subvencións doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais
- j) Declaración responsable de que as actividades subvencionadas serán desenvolvidas en locais sitos dentro do ámbito territorial da Iniciativa Urbana Santiago Norte.

De conformidade co disposto no apartado f), do artigo 35, da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, non será preciso aportar a documentación que xa estea en poder do Concello, sempre que non sufrira ningunha modificación, debendo de facer constar expresamente esta circunstancia na solicitude. Deste extremo deberá incorporarse informe da Unidade Técnica de Servizos Sociais que acredite ter constancia da dita documentación, e nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano competente poderá requirir á/ao solicitante a súa presentación ou, no seu defecto, a acreditación por outros medios dos requisitos aos que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

As solicitudes que incumpran os devanditos requisitos documentais, non se admitirán a trámite, sen prexuízo do establecido no artigo 71 da dita Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, para a emenda e mellora da solicitude, polo que se requirirá ao solicitante para que no prazo improrrogable de dez días emende a deficiencia ou presente os documentos requiridos, indicándolle, que de non facelo, entenderase que desiste da súa solicitude e se procederá ao seu arquivo, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992.

Con independencia do anterior, o Concello de Santiago poderá requirir a documentación complementaria precisa para unha mellor valoración e comprensión da solicitude.

10.-PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes presentaranse, no prazo de **20 días naturais**, contados a partir do día seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Non serán admitidas a trámite as solicitudes que se presenten fóra do prazo sinalado anteriormente.

11.- CRITERIOS OBXECTIVOS DE VALORACIÓN DAS SOLICITUDES

Para a valoración das solicitudes terase en conta en todo caso aos seguintes criterios:

1) Carácter innovador do programa a desenvolver (3 PUNTOS). Considerando a innovación na utilidade do programa en canto:

- a) Ás ferramentas a utilizar. 0,5 PUNTOS
- b) Os métodos de traballo a utilizar. 0,5 PUNTOS
- c) As actividades propostas. 0,5 PUNTOS
- d) A capacidade de captación de participantes. 0,5 PUNTOS
- e) En especial aqueles programas que se dirixan a atender necesidades non cubertas por recursos sociais xa existentes. 1 PUNTO

2) Calidade técnica da memoria descriptiva do programa de actividades a desenvolver: Máximo 12 puntos considerando os seguintes criterios:

- a) Avaliación das necesidades sociais. Que o programa conteña unha análise ou estudo sobre as necesidades reais e que o programa deseñado se adecúe ás necesidades detectadas 1 PUNTO
- b) Concreción: incorporar obxectivos cuantificables, orzamentos desglosados e indicadores de avaliación cuantitativos: 2 PUNTOS
- c) Fases do itinerario integrado de inserción laboral que se abordan no programa de actividades (orientación, formación, intermediación laboral, práctica laboral, inserción, etc): 3 PUNTOS
 - (i) Si se aborda a fase de prácticas laborais e inserción: 2 PUNTOS
 - (ii) Si se abordan as fases de: orientación, formación, intermediación: 1 PUNTO
- d) Diversidade de actuacións a desenvolver no itinerario: número de actividades propostas: 0,5 por cada actividade ata un máximo de 3 PUNTOS
- e) Actividades formativas vinculadas a actividades emerxentes (Referencia Informe "Iniciativas locales de desarrollo y empleo". Comisión Europea. Año 1995. Libro Blanco sobre las estrategias para el crecimiento, la competitividad y el empleo) 1 PUNTO
- f) Sector da poboación á que se destina o programa de actividades (dos que se fai referencia no punto 4 desta bases): 1 único colectivo: 0,5 PUNTOS; Aberta a outros colectivos: 1 PUNTO
- g) Diversidade territorial (dentro do ámbito do Urbana) en que se desenvolverán as actividades do programa de traballo. Desenvolver actividades en máis de un barrio ou zona. 1 PUNTO

3) Disponibilidade de recursos propios a disposición da execución do programa. Ata 4 PUNTOS segundo se detallen nas memorias de presentación do programa:

- Persoal técnico colaborador: 0,5 PUNTOS por persoa ata un máximo de 2 PUNTOS.
- Medios materiais inventariados: rede informática, transporte, aulas de formación, talleres, etc: ata 5 elementos 1 PUNTO, máis de 5 elementos 2 PUNTOS.

4) Traballo en rede: nivel de colaboración/coordiación con outras entidades para o desenvolvemento do programa. Por presentar unha estratexia de traballo conxunto entre dúas ou máis entidades que obteñan a subvención de forma que se complementen as accións propostas: 1 PUNTO

12.-INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS.

As subvencións obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, establecendo unha prelación entre as solicitudes presentadas en orde a aquelas que obteñan maior valoración, consonte os criterios de valoración establecidos na base 11 desta convocatoria, co límite fixado dentro do crédito dispoñible.

A súa concesión corresponderá a unha comisión avaliadora, nomeada para tal efecto pola concelleira delegada de Benestar Social, entre o persoal da Unidade Técnica de Servizos Sociais, e da que formará parte o secretario xeral do Goberno municipal ou persoa funcionaria na que delegue. A persoa que exerza de secretario/a redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

A Unidade Técnica de Servizos Sociais será o órgano competente para a instrución do procedemento, que deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de entidade beneficiaria, poderá pedir cantos informes estime necesarios para resolver, avaliará as solicitudes de subvencións poñendo de manifesto os criterios utilizados para a determinación da contía, consonte os contidos nestas bases, e fará constar que da información que obra no seu poder se desprende que as entidades beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

De conformidade co anterior, a comisión avaliadora emitirá o seu informe no que se concretará o resultado da avaliación efectuada.

O órgano instrutor realizará de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se deba formular a proposta de resolución e, á vista do expediente e do informe da antedita comisión formulará a proposta de resolución, á que se refire o artigo 24 da LXS, que incluírá a relación das entidades solicitantes, a data de presentación das solicitudes, o/s programa/s ou actividade/s para o/s que se solicita a subvención, a puntuación obtida e o sentido da resolución: concesión co importe da subvención que se concede, ou denegación motivada.

A Xunta de Goberno Local ditará resolución motivada segundo o disposto nestas bases e consonte a proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa

e notificarase ás entidades solicitantes na forma prevista no artigo 58 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O prazo máximo para a resolución e a notificación non poderá exceder de 3 meses dende a publicación da convocatoria, transcorrido o mesmo sen terse notificado a resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimada por silencio administrativo a súa solicitude.

Os beneficiarios das axudas serán incluídos nunha lista que será publicada electrónicamente ou por outros medios.

13.–CONTÍA.

A cantidade prevista para o desenvolvemento deste programa é de 100.000 € con cargo á **aplicación orzamentaria 140/23100/48001-2011**.

A contía máxima de subvención será do 100% do orzamento subvencionable, cun importe máximo de 20.000 €/ano por entidade, para o desenvolvemento integro do programa; entendéndose por orzamento subvencionable, a suma do total dos gastos subvencionables tal como aparecen definidos no punto 7 destas bases

A execución do programa, en ningún caso, poderá concorrer con outras subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados.

14.–OBRIGAS DAS ENTIDADES BENEFICIARIAS.

Son obrigas das entidades beneficiarias da presente subvención:

- Cumprir os obxectivos e realizar as actividades e programas que fundamentaron a concesión da subvención. Neste sentido a entidade deberá de adecuar os recursos humanos postos a disposición do proxecto á actividade á desenvolver.
- Xustificar antes do 15 de outubro de 2011, diante da Unidade Técnica de Servizos Sociais a realización das actividades e programas, no modelo que se determine, así como o cumprimento dos requisitos, condicións e finalidade que determinaron a concesión da subvención.
- Aportar tanta información sexa requirida, así como someterse ás actuacións de comprobación, verificación e as de control financeiro do Concello de Santiago de Compostela, da Intervención Xeral do Estado así como calquera outras de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, achegando tanta información sexa requirida no exercicio das actuacións obxecto desta convocatoria.
- Comunicar toda alteración sobrevida que supoña unha modificación nas condicións que foron tidas en conta para a concesión da subvención.
- Dispoñer de libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil, vixente,

aplicable á entidade beneficiaria en cada caso; así como cantos estados contables sexan esixidos coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.

- Cumprir a lexislación vixente en material laboral, formativo laboral, de Seguridade social e de responsabilidade civil.
- A efectos de garantir a concorrencia na provisión de bens e servizos, no desenvolvemento da actividade subvencionada, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas con carácter previo, salvo que pola natureza do ben ou servizo do que se trate non existan entidades suficientes que os presten ou suministren.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente a elección cando non recaia na proposta economicamente máis baixa.

- Cumprir durante a vixencia do convenio, as normas referidas á publicidade e información establecidas no Regulamento 1828/2006.
- Conservar os documentos orixinais xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluso os documentos electrónicos, durante un prazo non inferior ao que se establece nos Regulamentos comunitarios 1083/2006 e 1080/2006, a efectos de que poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control correspondentes.
- Proceder o reintegro dos fondos recibidos nos supostos contemplado no apartado 10 das presentes bases.
- Realizar accións de formación para un número de participantes non inferior a 10 persoas.

O incumprimento de tales obrigacións por parte das entidades sociais beneficiarias poderá orixinar a revisión do seu expediente e a modificación da Resolución, dando lugar á anulación das subvencións concedidas e, no seu caso, á devolución das xa gozadas e á esixencia do interese de demora.

Igualmente procederá nos mesmos termos nos seguintes supostos:

- a) Incumprimento da finalidade para a que a subvención foi concedida.
- b) Obtención da subvención sen reunir as condicións requiridas para elo por causas imputables ao beneficiario.
- c) Incumprimento da obriga de xustificar o destino dos fondos percibidos.
- d) Concorrencia de subvencións.
- e) Modificación ou incumprimento das condicións tidas en conta para a concesión.
- f) Obstrución ou negativa na obriga de sometemento ás actuacións de comprobación citadas na presente base.

15.–IGUALDADE DE XÉNERO.

Todas as actividades asociadas á execución das accións obxecto destas bases, incorporarán a perspectiva de xénero de acordo co establecido no Regulamento (CE) nº 1083/2006 do Consello, de 11 de xullo de 2006, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión.

16.–LINGUA VEHICULAR.

Todos os documentos escritos, así como toda presenza pública (rótulos, indicadores, publicidade...) derivados do desenvolvemento destas bases, redactaranse en lingua galega.

As entidades e ONGs poñerán á fronte dos servizos obxecto destas bases, persoal con competencia lingüística abonda para desenvolver todas as actividades en lingua galega, sen prexuízo do respecto aos dereitos lingüísticos individuais das persoas usuarias cando estas así os demanden.

17.–PROPIEDAD DO RESULTADO DOS TRABALLOS.

Todos os documentos xerados nos traballos obxecto destas bases que se realicen serán propiedade do Concello de Santiago de Compostela para a súa utilización.

As entidades poderán facer uso dos mesmos, xa sexa como referencia o como base de futuros traballos, sempre que conte para elo coa autorización do Concello de Santiago de Compostela

18.–XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DA SUBVENCIÓN.

O prazo para a xustificación da subvención rematará o 15 de outubro 2011, e as entidades beneficiarias deberán presentar a seguinte documentación no Rexistro Xeral do Concello, que revestirá a forma de rendición da conta xustificativa:

- a) Anexo II debidamente cumprimentado, asinado e co selo da entidade, de acordo co modelo que acompaña a estas bases.
- b) Relación de documentos que se achegan xunto co Anexo II.
- c) Memoria Final ou de avaliación que acredite ter cumprida a finalidade da subvención mediante a realización das actividades, o grao de cumprimento de obxectivos con indicadores de resultado e de impacto, o número de participantes en cada acción e o resultado dos itinerarios de inserción desenvolvidos. Acompañada de toda aquela documentación que acredite a realización de actividades (folletos, programas, fotos,). ANEXO III (Guión para a elaboración da Memoria Final).
- d) Documentos xustificativos compulsados dos gastos realizados segundo a súa natureza (facturas, nóminas, etc) e documentos xustificativos do pagamento dos mesmos (copias transferencias, recibos bancarios, etc.). Nos documentos

xustificativos do gasto farase referencia expresa ao financiamento comunitario (por parte do FEDER) do mesmo.

No caso de incluír no expediente gastos de persoal, achegarase xunto aos documentos xustificativos correspondentes (nóminas, boletíns de cotización, etc) unha certificación da entidade beneficiaria co cálculo dos custos desglosdos de persoal por mes e traballador que incluírá: salario bruto, seguridade social da empresa, seguridade social do traballador, retención do I.R.P.F practicada e salario líquido a percibir polo traballador.

Considérase gasto realizado o efectivamente pagado antes do remate do período de xustificación.

En caso de que non se xustifique cumpridamente a totalidade do proxecto, a cantidade concedida reducirase na contía correspondente.

e) Declaración de non ter obtidas, para o mesmo programa, outras subvencións doutras administracións públicas competentes ou doutros entes públicos ou privados nacionais ou internacionais.

f) Cumpridas as esixencias de documentación citadas e, con proposta do órgano xestor, remitirase o expediente á Intervención e á Oficina Urbana Santiago Norte para que emitan os preceptivos informes de fiscalización e elixibilidade. Se estes son favorables, a Xunta de Goberno Local resolverá a aprobación do recoñecemento da obriga a favor da/o beneficiaria/o e tramitarase a correspondente orde de pagamento da subvención.

O Concello de Santiago poderá requirir a documentación complementaria precisa para unha mellor valoración e comprensión do expediente de xustificación.

Non poderá realizarse o pagamento da subvención en tanto a/o beneficiaria/o non estea ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, o que deberá acreditar necesariamente no momento da xustificación da subvención.

En caso de discrepancia co informe da Intervención procederase de acordo co establecido nos artigos 215 e 216 do TRFL.

O pagamento das subvencións materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira sinalada pola/o beneficiaria/o na documentación que achegue.

19.-REVOGACIÓN, RENUNCIA, REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR.

Procede a perda do dereito ao cobro ou a revogación das subvencións concedidas en caso de:

a) Incumprimento por parte da/o beneficiaria/o das subvencións, de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento.

b) A variación da finalidade da actuación.

- c) A insuficiente xustificación do proxecto.
- d) A obtención concorrente doutras axudas.
- e) A non xustificación da subvención no prazo concedido previo cómputo do disposto no artigo 70.3 do R.D. 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Estas circunstancias darán lugar á revogación parcial ou total da subvencións e a obriga do reintegro das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.

A/o beneficiaria/o poderá renunciar voluntariamente á subvención. Neste caso reintegrará o importe percibido, nas condicións que establece a normativa legal de aplicación. A renuncia soamente poderá admitirse no prazo de 3 meses dende a notificación definitiva da concesión, no caso contrario, procederá a anulación por incumprimento, coa conseguinte esixencia das responsabilidades que se deriven.

Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 30/1992, sen prexuízo das especialidades que establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

As entidades beneficiarias das subvencións quedarán sometidas ás prescricións que en materia de control financeiro, reintegro e réxime sancionador por infraccións administrativas, que en materia de subvencións, establece a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

20.–SEGUIMIENTO, CONTROL E INSPECCIÓN.

O Concello de Santiago, polos medios que estime oportunos e conforme a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comprobará a realización das actividades e o cumprimento dos requisitos e condicións baixo os cales se concedeu a axuda.

21.–RÉXIME DE RECURSOS.

Contra os actos ditados en aplicación das presentes bases, os interesados poderán interpoñer os recursos previstos no título VII da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou calquera outro adecuado a dereito